

Resolución do 13 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, de profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores de artes plásticas e deseño.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (Diario Oficial de Galicia n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG, n.º 20, do 31 de xaneiro), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 28 de xaneiro de 2022,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal/substitutoslistas](http://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas), as listas provisionais, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores de artes plásticas e deseño, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2020, das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas. Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.

Segundo. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), as relacións provisionais de persoas excluídas das listas correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario (Anexo I), profesores de escolas oficiais de idiomas (Anexo II) e de profesores de artes plásticas e deseño (Anexo III), polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados mediante a Orde do 28 de xaneiro de 2022 con dereito á incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións ás listas provisionais ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

